

GUÍA DO CURSO

Creación de contidos dixitais para a Aula Virtual (V2001011)

Este curso realizarase na Aula Virtual do CFR de Vigo e a través da plataforma de videoconferencia da consellería (Webex), tendo unha duración de 20 horas. Os vosos titores serán Julio Mosquera, Carlos Fernández e Óscar Pérez.



O **obxectivo principal** é dotar ao profesorado dunhas competencias básicas para crear contidos dixitais propios e integralos na Aula Virtual, tendo en conta a propiedade intelectual e a protección de datos.

Módulos

- Módulo 1. REA, propiedade intelectual e protección de datos.
- Módulo 2. Banco de recursos: o repositorio Abalar.
- Módulo 3. Creación de contidos con H5P.
- Módulo 4. Creación de contidos con ExeLearning.



Calendario de videoconferencias

- **18 de novembro ás 16:00:** Propiedade intelectual e protección de datos (Julio Mosquera).
- **24 de novembro ás 17:30:** Repositorio Abalar e o editor de texto de Moodle (Carlos Fernández e Óscar Pérez).
- **25 de novembro ás 16:00:** H5P (Carlos Fernández).
- **9 de decembro ás 16:00:** ExeLearning (Óscar Pérez).

Avaliación, certificación e tarefas

Para poder certificar esta actividade formativa, deberás obter **unha avaliación positiva de 17 horas ou 85 % do peso das tarefas propostas**, que se mostran a continuación:

NOME DA TAREFA	PONDERACIÓN	DATAS	EVIDENCIAS
Videoconferencia 1: Prop. intelectual/prot. datos	10% 2 horas de traballo	18 de novembro ás 16.00 horas	Asistencia videoconferencia
Videoconferencia 2: Repositorio Abalar/editor	10% 2 horas de traballo	24 de novembro ás 17.30 horas	Asistencia videoconferencia
Videoconferencia 3: H5P	10% 2 horas de traballo	25 de novembro ás 16.00 horas	Asistencia videoconferencia
Tarefa 1. Cuestión sobre protección de datos	10% 2 horas de traballo	26 de novembro ata 23,55 (data límite)	Entrega tarefa na Aula Virtual CFR
Videoconferencia 3: ExeLearning	10% 2 horas de traballo	9 de decembro ás 16.00 horas	Asistencia videoconferencia
Tarefa 2. Entrega do teu REA	50% 10 horas de traballo	17 de decembro ata 23,55 (data límite)	Entrega tarefa na Aula Virtual CFR

A data límite de entrega da tarefa 1 será o 26 de novembro. A data límite da tarefa 2 será o 17 de decembro. A cualificación de cada tarefa será de *apto / non apto*.

Materiais complementarios

Procederemos a matricular a todas as persoas participantes na Aula Virtual do CFR de Vigo.

Na Aula Virtual poderedes acceder a:

- Materiais teóricos complementarios.
- Enlace ás videoconferencias.
- Enlace ás tarefas do curso.

Xestión dos foros

No curso haberá tres foros.

- **Foro de presentación e novas.** Usarémoslo como canle de comunicación para aspectos xerais do curso.
- **Foro dúbidas Módulo 1: REA, propiedade intelectual e protección de datos.** **IMPORTANTE!** Estará aberto entre as 00.00 horas do 18 de novembro e as 23.55 horas do 26 de novembro, data límite de entrega da Tarefa 1. Este foro, evidentemente é só para dúbidas deste Módulo 1.
- **Foro dúbidas Módulos 2, 3 e 4: Abalar, ExeLearning e H5P.** Estará aberto todo o curso, entre o 11 de novembro e o 17 de decembro. Este foro é para dúbidas dos módulos 2, 3 e 4.

FOROS DO CURSO



Foro de presentación e novas



Foro dúbidas Módulo 1: REA, propiedade intelectual e protección de datos



Foro dúbidas Módulos 2, 3 e 4: Abalar, ExeLearning e H5P